Galicia Encantada



Contos da tradición oral de Galicia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

*[Conto tipo *1424 (Boggs)] Xan e Marica*

Unha vez érache un Xan e unha Marica, e tiñan un pícaro, e chamábanlle Xan tamén ó pícaro. E o cura era amigo de Marica e era o pai do pícaro e máis padriño.

E despois o pícaro foi..., tiña un rebaño de ovellas e foi por un sitio polo monte arriba cas ovellas, e foi o cura de caza e díxolle:

─E estás aí, eh, Xan-Xanoquín!

O pícaro non lle contestou.

E despois ó día siguiente volveu e volveu a ver o pícaro e díxolle:

─E estás aí, eh, Xan-Xanoquín!

E ó pícaro pareceulle mal, e chegou á casa e díxolle á mamá:

─Ai, mamá, foi o cura por alí ─e choraba o pícaro─ e chamoume Xan-Xanoquín. Foi onte e máis hoxe, e chamoume Xan─Xanoquín!

E díxolle Marica:

—Ai, Xan, ben se deita que estou coxa que senón había de ir aló cabo do cura e habíao deostar.

E vaise e díxolle el:

—Ai, muller, lévote eu ás costas!

—Pois alá, xa!

E vaise a agarrouna ás costas prá... prá porta do cura. E chegaron á porta e: Pum, pum!

E o cura:

—Quen está?

—Estamos nós —dixo Marica.

—Jesús, comadre! Que milagro! Que...! Hai algo de novo?

—Non! Onte logo fuche de caza e máis hoxe, e chamáchesllе ó pícaro Xan- Xanoquín, eh!

—E... taba coas ovellas!

E dixo ela:

—Anta tu, cura, curín, pai do meu Xan-Xanoquín, comedor do meu touciño e fregador do meu ombigo por abaixo e por arriba. Bato o burro que me trouxo e o que me ha de levar, que se te agarro entre as pernas, inda te hei de afogar!

E despois, cando veu prá casa, dixo. Ai, Xan... (veu por unha louseira), e díxolle:

—Ai, Xan, que lousas máis guapas hai aquí pra tapar os pucheiriños do leite ó redor do lume pra que se calle!

E claro, díxolle el:

—E..., xa ora, pero eu non as poido levar, que teño que levarte a ti.

E díxolle:

—Para! Pousa aquí!

E pousouna e púxolle as lousas.

—Tráeme as lousas ahora a min prás costas!

E púxolle as lousas á Marica, Xan, e despois Xan agarrou a Marica e claro, quen levaba todo era Xan. E díxolle ela:

—Ai, Xan! Ves, home, ves como Dios compón as cousas! Tu levasme a min i eu levo as lousas!

Recollla realizada en 1987 por Magdalena Domenech Gruñeiro (estudante de Maxisterio) e actualmente (marzo de 2025) residente en Argomoso, Mondoñedo (Lugo). A informante, Nieves Leitón Fernández (avoa da recompiladora), de Escourido, Argomoso (Mondoñedo), tiña 74 anos.

COMENTARIOS ENVIADOS

gustoume moitisimo este conto, creo que é moi educativo para os nenos

Enviado por carolina o 27/02/2026 ás 8:48:08